

**AYROA, RIAZÓN, LAGOSTEIRAS, OITEIRO. ALGÚNS PROCESOS
DE CAMBIO LINGÜÍSTICO TESTEMUÑADOS EN APUNTAMENTOS
ONOMÁSTICOS DE MARTÍN SARMIENTO**

Rosario Álvarez
Instituto da Lingua Galega (USC)

A conmemoración deste ano dedicado a frei Martín Sarmiento deu ocasión de facermos unha lectura máis demorada e minuciosa da súa inxente contribución e de mostrarmos tanto a fiabilidade da milleira de datos precisos atesourados por el coma o seu valor para a reconstrucción da historia da lingua galega, pois a súa recolleita e anotación atentas proporcionan información inestimable sobre variantes populares e cotiás, das que doutro xeito non teríamos noticia. No marco deste encontro dedicado á onomástica pretendemos mostrar asimismo o valor do retrato topónímico que nos legou da Galicia daquel tempo para a reconstrucción da evolución diacrónica dasgunhas variantes dialectais galegas, cunha historia por veces más complexa e tantasíntanea do que se podería conjecturar a primeira vista. Con este propósito analizaremos só catro testemuños de importancia aparentemente menor, isto é, datos que nin ocupan un lugar preeminente nos seus escritos nin constitúen anotacións sobre as que se centren as súas disquisicións; preséntanse como mostra un tanto aleatoria, no convencemento de que unha análise cursidosa do seu legado, ainda por facer, permitirá extraer información diacrónica e diatópica relevante dos outros topónimos recollidos nel.

Non é o lugar de nos estendermos sobre as dificultades metodolóxicas de empregar material onomástico para a reconstrucción e datación dos procesos históricos da lingua do común. Abonde con deixar dito desde o comezo que procuramos actuar con toda cautela e sen facer extrapolacións abusivas, como esperamos se poderá comprobar nunha lectura atenta da exposición que segue. Somos tamén conscientes de que a súa obra monumental non está exenta de errores, transcripcións inexactas da secuencia fónica que escoita, malas interpretacións da súa propia letra, traicións da súa encomiable memoria, etc.; ora ben, estas pequenas chatas non restan valor ao conxunto nin empecen o labor que nos propomos realizar.

Rosario Álvarez

1. Ayrda, Grijda

Os topónimos que integran a terminación diminutiva *-dla* mostran unha distribución diatópica entre a solución en *-d* ['ɔ] do cadrante SW de Galicia (*Figueiró*, *Pereiro*...), a solución tipicamente lucuauriense en *-oá* [ɔ'a] (*Figueiroá*, *Cabreiroá*...) coa variante *-uá*, unha solución *-úa* moi minoritaria na marxe mindoniense e lucense oriental (*Figueirúa*), e mais a solución maioritaria en *-oa* ['ɔa] (*Figueiroa*, *Eiroa*...), que ocupa o resto do territorio e se solapa parcialmente coas anteriores nas respectivas áreas¹. A constatación de que o léxico común suxire un reparto diatópico semeillante pero non coincidente fai os datos topónimicos especialmente interesantes, ben por deixaren constancia de que se deron determinadas evolucións, ben por informaren de que as áreas dialectais alcanzaron outrora unha dimensión distinta. Así, foi a distribución territorial destes topónimos o que lle permitiu a Gonzalo Navaza establecer que *-oá* se corresponde coas variantes anteditas e que este *-d* non procede de *-ana* (Navaza 1998 e 2002:144-145), unha conclusión á que non se podería chegar dendo a partir dos datos achegados polo léxico común; o feito é que na mesma área hoxe só se rexistra *moa* (e non *mod* <*mola*, ALGa: II 27)² e que, sen a contundencia dos datos topónimicos, sería difícil facer unha aproximación diatópica a partir dos rares testemuños dunha variación *lenzoallenzoá*, espallados nun amplo territorio oriental e os más en palabras de etimoloxía difícil de establecer co nivel de certeza esixible. Doutra banda, a simple constatación de que as áreas ocupadas polas distintas solucións topónimicas non se corresponden plenamente coas debuxadas polos datos dialectolóxicos actuais lévanos a presumir que en cada territorio a evolución non foi tan lineal como podería parecer a primeira vista, pois distintas solucións diastráticas ou diatópicas disputaron determinados espazos, en forma de abalo e devaño. Precisamente nesta marxe de diverxencia cobran especial importancia os datos achegados por Martín Sarmiento que suscitan este comentario e que exporemos máis adiante.

O cambio acentual *-oa* > *-od* é antigo e nos textos medievais pódense atopar grafías que case con certeza buscan representalo de forma explícita. Moi probablemente o hiato *-oa* (coa primeira vogal tónica ou átona, a segunda sempre átona) pechou o primeiro elemento e tendeu a unha pronuncia como ditongo, que ou non chegou a callar ou recuou, pero en todo caso deixou como pegada o desprazamento do acento cara á segunda vogal: ['ɔa] > ['qa] ~ ['wa] > [o'a], [u'a]³. Con independencia de cal fose a súa orixe –diversa, como se advirte doadamente nos topónimos que seguen, moitos dos cales non remontan a *-OLA*–, o feito é que hoxe na provincia de Ourense atopamos sempre *-ua* átono final (*Fraguas* [Quintela de Leirado], *Gorgua* [Padrenda], *A Medua* [Carballeda de Valdeorras], *Porto das Eguas* [O Carballiño], *Queguas* [Entrimo]) e de forma maioritaria noutras posicións átonas (*Chaguazoso* [A Mezquita, Vilaríño de Conso], *Cualedro* [Sarmiento Coaledro], fronte a *Coalloso* [Sandiás]), mentres que en posición tónica é más frecuente o hiato /o'a/ (*Xagoaza* [O Barco], *Boado* [Xinzo], *Boazo* [A Teixeira], *Casteloais* [Chandrexá], *Doade* [Beariz], fronte a unicamente *Celaguantes* e *As Cuartas* [A Peroxa], *Castro de Escudero*

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunxs procesos de cambio lingüístico...

[Maceda]). Engadamos que os únicos topónimos en *-oa* (exceptuados os compostos con *boa*) ou están a occidente do Miño ou no leste da provincia de Ourense (*Grixoa* en San Amaro e Viana do Bolo, *Nogueiroa* no Irixo, *A Madroa* en Manzaneda...); en apoio da presenza de *-uá-* e *-úa-* termos dunha banda *Arruds* (Vilar de Barrio) e *Mouruás* (San Xoán de Río) e doutra *A Ferreirúa* (Nogueira de Ramuín) e *Cachaxás* (Ourense), todos no ámbito de *-oá*.

O Mapa 1 mostra o carácter marcadamente lucuauriense de *-oá* e que as escassas formas en *-uá(s)* se sitúan na periferia da «área *-oá*», tanto respecto de *-úa* coma de *-oa*; os rexistros topónomicos vense apoiados por formas léxicas de morfoloxía semellante espalladas no mesmo territorio. O límite occidental de *-oá* móstrasesen hoxe bastante compacto en todo o seu trazado, seguindo as ribeiras do Miño ata chegar ao SW da provincia de Ourense, pois, de acordo cos límites xurisdicionais antigos, neste recanto o río non serve de fronteira aos trazos tipicamente tudenses. A xullgar polos datos actuais, a solución *-oá* enfóntase a *-oa* na maior parte do territorio complementario, ben como permanencia dunha diferenza dialectal primitiva nos mesmos territorios ben como efecto de que *-oa* avanzou a expensas desta ou outras variantes. Canto á solución *-ó*, os datos topónomicos suxiren que tamén recuou baixo a presión de *-oa*, pois deseñan unha área que polo norte chega ao curso baixo do Ulla, ocupa o espazo das Rías Baixas penetrando ata a depresión meridiana e mais toda a área tudense —que se interna nas terras ourensás contiguas⁴—, e en todo caso prolóngase polo territorio portugués; a comparación cos mapas de *moa* (ALGa: II 27) e de *filloa* (ALGa: III 125) mostra distintos chanzos no abandono deste trazo dialectal, que recúa cara á beiramar e cara ao sur. Xa que logo, as solucións *-ó* e *-oá* só son veciñas nun pequeno espazo ourensán (Terra de Celanova e ao longo da raia seca), fóra do cal posiblemente non disputaron nunca a primacía; ora ben, ambas sufriren e sofren os efectos do avance da maioritaria *-oa*.

Os outros límites non son tan doados de establecer, porque fóra do núcleo central, ben perceptible no mapa, atópanse testemuños illados que tanto poden ser vestixios dunha área compacta outrora meirande coma sinais de que noutro tempo se deu unha variable —do tipo {*ferreiroa*, *ferreirod*}, {*ferreiroá*, *ferreirúa*}, etc.— en que finalmente a variante oxforda non prosperou. Tamén no léxico común vemos indicios de que *-oá* alcanzou a estrema SE ata o galego de Zamora (*teiroá* en Porto) e do Bierzo («En Bierzo occ. *teiroá*», segundo E. Rivas, *DD*: s.v.)⁵, pero estes son ainda más raros nas serras luguesas orientais, dominio de *-úa*. Tamén no límite sur, os datos que achegamos son escasos e por iso pouco conclusivos, mais, con todo e ser esporádicos, confirman a existencia da solución *-oá* na toponimia e no léxico común (*ateiroa* - *ateiroá* [Verín], *teirod* [A Mezquita, A Gudiña, Verín], *pre(i)xod* [Baltar, Verín...] ata a raia portuguesa (cfr. o mapa de Navaza [2002:145], elaborado incluíndo datos da toponimia menor na provincia de Ourense, que en cambio exclúe Valdeorras); en falares raianos non faltan tampouco solucións en *-ó*, que non sabemos se son autóctonas ou préstamos das variedades veciñas (p. ex., *teiroá* en Verín e A Mezquita). Polo norte, atopamos o territorio lucense e mindoniense salferido de testemuños de *-oá*, tanto na toponimia coma no léxico común, ata a Mariña (*carrod* - *corroá* en Cervo,

Rosario Álvarez

Riotorto, Cedofeita-Ribadeo; *tieroá* en Ferreira de Valadouro, Pereiramá-Castroverde; fonte: *ALGa e DD*). Non é este o único caso en que a cartografía de características dialectais hoxe tipicamente lucuarienses mostra unha imaxe semellante, cun territorio compacto deitado nas ladeiras que descen desde as montañas orientais ás ribeiras do Miño, ao sur do concello de Lugo, aproximadamente, e un territorio máis amplo ao norte en que os mesmos trazos se dan ou de forma dispersa ou en variables con outras variantes más ou menos vizosas (vallan como exemplos a distribución territorial do pron. *il*: *el*, a conx. *e/l/* ante vogal, a variante alomórfica *outro* 'outro', etc.); esta área, coma no caso que nos ocupa, pode chegar ao mar polo norte e acadar variedades orientais, mais sen caracterizar as variedades estremeiras e sen atanguer os confíns do territorio que consideramos de lingua galega.


Nas terras ourensás, só tres localidades de nome en *-oá* se sitúan na beira occidental do Miño, dous no concello de Ourense (*Eiroás*, *A Viñoá*) e un no da Peroxa, onda os Peares (*Airod de Beacán*). En terras luguesas, todos os rexistros da marxe dereita do curso baixo do río son tamén estritamente ribeiráns (aga *Zoá* [Taboada] e *Illod* [Monterroso], algo afastados do cauce); hai tamén rexistros esporádicos en territorio mindoniense⁶. Salientamos o carácter ribeirán destes pequenos lugares para pór en evidencia que a área remata na beira contraria dun río caudaloso coma o Miño, unha mostra máis de que o curso de auga non fai de barreira natural senón que crea un espazo de convivencia e aproveitamento dos recursos comúns, poñendo en relación os asentamentos humanos das súas beiras; nos mesmos concellos existen *Bouzoa* (Taboada) e *Casasoá* (Chantada), lugares algo afastados do Miño. En calquera dos dous casos, sempre cabe postular que a área fose outrora meirande e que retrocedese, ata o río, deixando só como pegadas da situación primitiva pequenas aldeas ribeirás mal comunicadas.

En realidade, a hipótese de que a fronteira occidental sufriu algún tipo de movemento ou vacilación suixeríouna Sarmiento, ou, dito doutro xeito, a fiabilidade que atribuímos aos seus apuntamentos. El dános *Ayrdá* dentro dunha relación de lugares que pagan renda a Chouzán (*V54*: 29), polo que cremos se refire con toda probabilidade ao veciño *Airod*, que segundo Amor Meilán pertencia a Chouzán (*GGRC*: VIII 358); hoxe é lugar da parroquia de Erbedeiro-Carballedo, tamén sobre a marxe do Miño e só separada de Chouzán polo regato de Fondós. De non ser correcta esta identificación, referírase en todo caso a algún dos *Airod* das proximidades, ben a *Airod de Beacán* (A Peroxa), ben á *Airod* (Pesqueiras-Chantada), ben a *Airod* (San Vicente de Castillón-Pantón). Na mesma relación tamén nos dá *Grijoda* (*V54*: 29), lugar de Chouzán-Carballedo que hoxe coñecemos como *Grixodá*.

O til grave da anotación de Sarmiento indica, coma noutras ocasións, que a vogal é tónica e aberta, así que a pronuncia que nos transmite é a paroxítona ['ɔa] e non a oxítona [o'a] ~ [ɔ'a] suixerida polos datos topónímicos actuais⁷. Descartamos un erro ou lapsus de frei Martín, toda vez que el coñece a existencia desta variación en *-oá* tanto en topónimos coma no léxico común, e non lle pasaran desapercibidas nin a importancia da posición do acento nin a pertinencia dunha anotación precisa e fiable: *Casasoá*, en Celanova (*V54*: 108); *Laroá*, en Xinzo (*V54*: 114); *Loñoá*, no

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

Mapa 1: Topónimos en -od(s), -uá(s)
(Fonte: Nomenclátor)



Pereiro de Aguiar (*V54*: 12); *Meiroà*, en Esgos (*V54*: 119); *Nig(u)eyroà - Nogueyroà*, en Bande (*V54*: 111, 112); *Queiroàs*, en Allariz (*V54*: 117); *lanzda e lenzod* (*CVGDV*: 199, 453).

Que as formas en *-oá* neses dous lugares son anteriores á súa viaxe está fóra de toda dúbida. Seguindo esta pista fixemos unha pequena pesquisa en textos medievais desta área, que cremos corrobora unha isoglosa antiga lixeramente desprazada a occidente. Así, os testemuños antigos atribuíbles ao actual *Bouzoa* de Taboada presentan de xeito tan uniforme a grafía <oa> que nos fan concluir que foi *Bouzod*: «unius casalis de Bouzoaa» (1252, *CDMO*: I 641), «e de parrochia de Bouzoaa» (1254, *CDMO*: I 678), «Iohannes Petri de Bouzoaa» (1256, *CDMO*: I 728), «per suam vineam de Bozoaa» (1259, *CDMO*: II 813), «et unum casale in Quirzam et alterum in Bouzoda» (1263, *CDMO*: II 858), «Domingo Iohannis clero de Bouzoaa» (1271, *CDMO*: II 940), «in villa que vocatur Bozoaa» (1272, *CDMO*: II 964), «Martin Eanes de Vouzoaa» (1282, *CDMO*: II 1105), «na villa de Bouçoaa (...) no vosso casar de Bouçoda» (1286, *CDMO*: II 1121-1122). O que non quere dicir que en contrapartida a grafía <oa> indique con toda claridade a pronuncia grave, e isto impídenos sabermos con certeza cal é a lectura correcta –e con ela a datación da vacilación ou do cambio– en testemuños coma «Fregesia de Sam Johan de Bouçoa», referido obviamente ao

Rosario Álvarez

mesmo lugar (ano 1473, a carón de seis rexistros como *Boucoaa* no mesmo texto; *LTP*: 129, apud *TMILG*). Nesa breve pesquiza recollemos ademais un antigo *A Ayroaa* na beira occidental do Mifio e máis ao occidente cós rexistros ourensáns existentes hoxe nesa latitud: «huna leyra en na *Ayroaa*» (1396, *MSCDR*: 531), tamén documentado coas grafías *Ayroa* (lb.: 530; 1428, *MSCDR*: 642 [3v.]) e *Eiroa* (1384, *MSCDR*: 517) na mesma colección documental⁹; o Nomenclátor non o recolle, mais V. Risco anota que Santiago de Esposende «comprende los lugares de Esposende o Quintás, *Eiroa y Marcos*» (*GGRG*: XI 659). Os datos suxiren tamén unha variante *Figueiroá* en San Amaro ou Punxín (1202 *Figueiroaa*, *CDMO*: I 116; 1281 *Figueyroaa*, *CDMO*: II 1099), onde hoxe só se rexistran senllos *Figueiroa*, e mais por Laza ou Castrelo do Val (*Ffigeyroá* [...] de *Ffigeyroá*, 1290 Monterrei, Maia: 139), onde non temos noticia de ningunha destas variantes na actualidade, pero si da forma grave *Airoa*¹⁰.

Así pois, na nosa opinión os datos de Martín Sarmiento a prol de *-oa* (*Ayrda*, *Grijda*) non son lapsus senón testemuño dunha vacilación morfolóxica que comporrou desprazamentos históricos dos límites das áreas lingüísticas ocupadas polas distintas variantes diatópicas, que coma noutros casos foron de ida e volta.

2. Riazò ~ Riazòn

Frei Martín móstrase vacilante respecto deste topónimo, para o que nos transmite dúas variantes formais, *Riazò* e *Riazòn*, acompañadas de comentarios tanxenciais moi significativos para os lectores modernos. Así, tras anotar que chega a «*Riazòn de Lagða*» (*V54*: 28), na relación de lugares que pagan a Chouzán escribe *Riazò* e a seguir comenta «me detuve en este priorato de *Riazòn* (y vulgarmente *Riazò*)» (*V54*: 30), informándonos deste xeito non só da alternancia entre *-dn* e *-ò*, senón tamén de que a primeira, usada como nome do priorato, é de carácter máis culto e a segunda, a preferida por el nas anotacións dos cadernos de campo das dúas viaxes, máis popular:

San Román de Moreda, y al surueste dos leguas el priorato de Chouzán
o *Riazò* priorato de San Payo (*V45*: 166).

Desde *Riazò* asta Chouzán, ay una baxada de un quarto de legua, muy penosa y por entre castaños, muy vestida, y baxa un arroyo despeñido, cuyo origen es una fuente en *Riazò*, y su agua muy sutil, y que haze orinar mucho. | (...) Y *Riazò* tiene dos leguas al Norte a Chantada (...). Rio arriba de *Riazò*, à 2 ó 3 el Lugar, Puente y Codos de Belesár (acaso de Belisario). | 23 de Mayo. Jueves de la Ascension. de *Riazò* a Santa Marina (*V54*: 30-31).

Ao longo doutros seus escritos concorren ambas as variantes, con abundancia da forma con nasal. Do uso alternante poderfase inferir que para frei Martín funciona como nome propio do enclave *Riazòn*, acaso por ser o que nos círculos eclesiás-

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

ticos ou nos papeis se lle dá ao priorato, complementado coa variante *Riazó* teste-muiada e anotada por el en vivo. Vallen como mostras dessa alternancia o uso de ambas no *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales*, onde se verquen os datos botánicos recollidos nas dúas vías (para a formación da obra, vid. o estudo de Pensado en CVGDV: 14-15):

Herba de carbón. Llaman así en RIAZÓN y Chouzán, priorato de las monjas de San Payo de Santiago, sobre el Miño, cerca de Chantada, a una mata que (...). Al bajar desde RIAZÓ a Chouzán, vi a la izquierda (CVGDV: 96).

Marcela. Nombre de una hierba aquí en RIAZÓN, que no me enseñaron. (...) *Acibro.* Llaman así aquí en RIAZÓN al acibo gallego y acebo castellano (...). *Cruzado.* No hay esta voz en RIAZÓN, pero vi la hierba (...). *Seixebral y seixebra.* La hay aquí en RIAZÓ (CVGDV: 97).

Chagazo. Un muchacho de hacia RIAZÓ me dijo que (CVGDV: 100).


Hai dos o tres de estos en RIAZO [sic] o en Chouzán (CVGDV: 187).

O *Nomenclátor* proporciona nove rexistros con parentesco e distribución xeográfica significativos (Mapa 2), aos que podemos engadir un máis recollido por Madoz en Corvelle (Pastoriza): dunha banda, *Riazón* concéntrase unha pequena área interior (en Pastoriza, Outeiro de Rei e Lugo, onde dá tamén nome a un subafluente occidental do Miño, e mais en Santiso, Chantada e Carballedo), con senllos rexistros de *Riazó* nas súas beiras, en Vilalba polo N e en Dozón polo SW. Postulamos para estes *Riazó* unha base masculina en *-bo* por se atoparen fóra da área en que *-ba* evolucionou a /ɔ/; isto é moi evidente para o topónimo chairego, e corrobórao a pronuncia /o/ actual; o topónimo dezao está más próximo da área «área -OLA > -bo», pero non hai datos que apoiem unha extensión tan grande desta (vid. § 1). Doutra banda, no mapa vese unha prolongación cara a occidente, cunha forma *Riazoas* (Brión), con aparente base feminina¹¹, e con *Riazón* (Carnota), apoiado por punta e praia de *Riasón* na Illa de Arousa. De todos eles, o topónimo transmitido por Sarmiento con esta dobre solución é actualmente *Riazón*, lugar da parroquia de Veascós (Carballedo), veciño do mosteiro de Chouzán; con todo, tanto en Madoz coma en GGRG a forma recollida é *Riazo*¹².

En todo caso, a presenza opcional de *-n* non despista a frei Martín, que non a inclúe no seu étimo: «La voz *Riazó*, viene del latín *Riatico*, que se halla en instrumentos» (V54: 30). Así a todo non explica a evolución consonántica nin o acento na derradeira sílaba, pois a partir de *-ATICU* non se chega doadamente a *-zó(n)*; acaso a documentación antiga aludida se refira a algunha das formas emparentadas¹³. Se a hipótese etimolóxica de frei Martín vai na liña correcta, como parece avalar ese rexistro «en instrumentos», cómpre o concurso de *-OLUS* (*RIATIOLU), o que nos daría en primeira instancia *Riazo*, con dúas vogais en hiato final antes da crase.

Rosario Alvarez

Mapa nº 2: Riazó, Riazón, Rlazoa



A priori, ante unha variación *-o ~ -ón*¹⁴ podemos presumir dous itinerarios hipotéticos, pois ou ben *-ón* precede a *-o* ou ben *-o* precede a *-ón*; nun e noutro caso as hipóteses explicativas son diferentes. A coexistencia das dúas variantes no mesmo lugar, testemuñada por Sarmiento, e mais a distribución diatópica actual suxiren que a forma primitiva foi *-o* e que a nasal foi incrementada con posterioridade. Sostemos o contrario suposfa que a partir de sg. *-ón* / pl. *-os* se fixese unha segmentación morfolóxica do tipo sg. *-o* / pl. *-os*, un itinerario pouco probable, pois non tería sentido que se dese nun topónimo, que non ten variación de número, e non no léxico común, onde se impón de xeito regular sg. *-ón* / pl. *-os*; por contra, sabemos pola evolución diacrónica da morfoloxía nominal que a remorfologización actuou en sentido contrario, creando nalgúns lugares un sg. *amallón* a partir de pl. *amallós*, e incluso substituíndo con certa frecuencia a primitiva vogal aberta procedente de *-OLU* por unha vogal pechada en áreas sen marcado influxo metafónico (as variantes *amallós* /'ol/ e *tirizó* /'ol/ rexístranse espalladas na área de plurais tipo *-ónl/-os*, salferida entre as esperables *amalló* /'ɔl/ e *tirizó* /'ɔl/). Partimos, xa que logo, de *Riazó*, avalada tanto por Sarmiento coma pola documentación antiga, que nos dá sempre formas sen nasal: *Riazo* [Dozón] (1273 *CDMO*: II 992), *Riaçoo* [Santiso] (1418 *Lugo*: 99) e *Riazo* (1273, *CDMO*: II 985; 1277, *CDMO*: II 1063), *Riaçoo* (1278, *CDMO*: II 1065; 1333, *CDMO*: III 116, 117), *Riazoo* (1294, *CDMO*: II 1178), *Rioçoo* (1333, *CDMO*: III 129) formando parte de denominacións de individuos que asinan en terras de Dozón, Camba e Chantada¹⁵.

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

¿Como se chegou de *-ó* a *-ón*? Unha hipótese verosímil, apuntada no parágrafo precedente, é que a partir de sg. *-ó* / pl. *-ós* se fixese unha segmentación morfolóxica inadecuada supondo un singular *-ón*, un paso ben documentado no léxico común (cf. *amallón* en puntos dispersos da «área *pantalo*» cartografada en *ALGa*: II 68). Dado que os cambios fónicos e morfolóxicos se difunden palabra a palabra, esta remorfologización semella pouco axeitada para un topónimo, que ao non estar afectado pola moción de número nunca lle presenta ao falante a dúbida de se o singular dun inexistente pl. **Riazós* é *Riazón* ou *Riazó*. Nesta liña argumentativa, a única hipótese plausible sería que recibise o efecto indirecto dun proceso de cambio xeral: se por este ou outros camiños todas as palabras en *-ó* rematasen sendo palabras en *-ón*, é posible que a variable {*Riazó*, *Riazón*} –e posteriormente *Riazón* como forma única– fose arrastrada ou pola onda analóxica (*Riazó* > *Riazón* coma *feixó* > *feixón*, *amalló* > *amallón*, *tirizó* > *tirizón*, etc.) ou pola necesidade de se acomodar ao patrón fonolóxico posible nun certo estadio lingüístico (isto é, deixa de existir a posibilidade *-ó#* e acomódase a *-ón#* no singular, pero esta acomodación non é extensible a *-ós#*)¹⁶. Unha tal evolución *-ó* > *-ón* está ben documentada no léxico, pero a cartografía das distintas palabras implicadas dá áreas pouco coincidentes, o que lles resta forza como factor de atracción analóxica: *tirizón* ocupa unha extensa franxa compacta no occidente das provincias da Coruña e Pontevedra, desde a ría de Camariñas á de Vigo (*ALGa*: V 121); *feixón* - *freixón* ‘tipo de faba’, con algunas ocorrencias dispersas, forma unha área compacta na Galicia suroccidental, de xeito especial no territorio tudense, onde non se dá *tirizón* (fonte *ALGa* [cuest. 1204-1206] e *TLD-ILG*), *amallón* localízase diseminado nas beiras do galego central (*ALGa*, cuest. 2343, 2341, 2696), etc.

Agora ben, a presenza da consoante final poderíase inscribir nun proceso histórico que se deu nalgúns árees de Galicia polo cal se desenvolveu unha nasal na coda da sílaba tónica final (mesmo trabada por */s/*) ou medial que ten por núcleo a vogal tónica resultante dunha crase, sen necesidade de que a consoante perdida que deu lugar ao hiato fose unha nasal (*Cibiddns*, *esquencer...*). Semella que acompañando o triunfo de ‘vogal oral (trabada por nasal)’ sobre a opción ‘vogal nasal’ se produciu unha reacción ultraconservadora que ampliou os contextos en que se instalou esa consoante implosiva¹⁷. Por todos os datos achegados, en que se implican tamén as outras vogais tónicas, semellanos preferible unha explicación abranxente segundo a cal esta nasal implosiva se relaciona coa crase producida en *-oo#*, un proceso evolutivo no que participou plenamente esta comarca a pesar de que as evidencias actuais sexan contraditorias.

Ao nos informar do carácter cultista de *Riazón*, Sarmiento dános a maiores un dato valiosísimo sobre o grupo social que actúa como motor do cambio e sobre os factores de prestixio que acompañaron a forma en *-ón* para triunfar sobre *-ó*, isto é, do sorprendente predominio da más moderna, que nin recibe o alento da antigüidade nin ten o esteo da continuidade da tradición escrita. É posible que *Riazó* fose considerada ‘vulgar’ por non seguir o modelo gramatical *-ón/-os*, un argumento algo feble se temos en conta que o patrón probablemente non era tan canónico naquela altura coma na actualidade; con todo, é plausible que unha tal reacción conservado-

Rosario Álvarez

ra parte das clases más ilustradas, mesmo ata un certo grado de hipercorrección, como o que vemos en *Riazón*.

En definitiva, frei Martín non nos informa de como se incorpora esa consoante nasal final, pero a súa anotación alternante ou dubitativa permítenos entrever que no seu tempo a do topónimo de Carballedo non estaba definitivamente fixada. Sabemos por outras fontes que este proceso evolutivo comezou moito antes, cando menos na fin do período medieval, polo que a súa información nos axuda ademais a comprender ata que punto os procesos de difusión dos cambios son lentos e en que medida a toponimia pode, por vez súa, acusalar a un ritmo distinto.

3. Lagosteiras

Como substantivo común, Martín Sarmiento transmiteños a variación entre catro formas, segundo se incrementen ou non /n/ e /r/, *la(n)gost(r)a*, dous cambios innovadores respecto do *lagosta* medieval, ben documentado como substantivo común e como alcume ou apelido, para o que o *TMILG* só nos ofrece dous testemuños diverxentes (*langosta*, 1417 e 1418 en Santiago de Compostela, *LCS*: 75, 94). Detense en varias ocasións na constatación do cambio da vogal pretónica (p. ex.: «Es trivial que la O pase a A como de *locusta*, *langosta*», *CVFG*: 265), que incluso lle dá materia para o Teorema 3º do Libro II (*EE*: 170)¹⁸, pero non di nada nin a propósito da presenza da nasal nin da inserción de /r/, quizais por consideralos fenómenos ben coñecidos de tan xeneralizados (obxecto dos teoremas 8º e 9º, respectivamente, do Libro IV [*EE*: 184-185], onde non dá esta palabra como exemplo). Así se expresa noutro lugar a propósito do segundo:


Así la voz [«feixa»] vendrá de *findo*, *fissas*, o de *figo fixas*, equivalente de *fitas* o *infestas* y el decir algunos «freijas» será por el abuso de añadir R como: *feijons*, *freijons*, etc. (*V45*: 116).

Entre as catro variantes, prefire as formas que incrementan <r> sobre as que rematan en -ta, a pesar de que estas están más próximas ao étimos latinos, deixando o trazo nasal nun plano secundario. Así, *lagôstra*, a antiga forma pontevedresa que tiña de seu, é non só a más frecuente nos seus escritos senón a única que emprega como entrada; a incipiente presenza da nasal constátase en *langosta*, a segunda forma dada por el inequivocamente como galega; *langosta* ten un par de rexistros más cá anterior, mais non é doado discernir en que casos describe empregando a forma española ou unha variante galega; finalmente, *lagosta* só a rexistramos nunha ocasión e en nota por pertencer a unha versión distinta da editada (*CVFG*: 228n).

Todas estas formas coexisten actualmente, sen un reparto xeográfico claro, se ben se perciben certas agrupacións territoriais e tendencias do cambio; o Mapa 3 foi elaborado por nós con datos recolleitos nas últimas décadas do séc. XX, tomados de Ríos Panisse 1977 (vid. *DD*) e do *Tesouro Lexicográfico Dialectal* do ILG (*TLD-ILG*). Dunha banda, as formas con -tra agrúpanse sobre todo entre as rías de Arousa e

Ayrod, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

Pontevedra, onde coñecemos por Sarmiento e outros testemuños que son antigas (*lagosta* en 1600 Pontevedra, Álvarez & Montederramo: 274), e noutras dúas pequenas áreas discontinuas máis ao norte, que non sabemos se noutrora estiveron vencelladas entre si e coa anterior. Doutra, as formas con nasal, incipientes no séc. XV e que xa comezaran a ascender na época de Sarmiento, son hoxe absolutamente maioritarias; salientamos que na maior parte dos puntos só se rexistran formas con *lan-* e que, por contra, son rares os lugares en que só se recolle *la-*.

Mapa nº 3: *lagosta*

Como topónimo, en cambio, Sarmiento anota *Lagosteiras*, tanto para se referir ao areal de Fisterra coma á aldea e punta do actual concello de Arteixo:

arenal de *LAGOSTEIRAS*, villa de Finisterre (...) | Desde el cabo de Finisterre bajé al arenal de *LAGOSTEIRAS*, que anduve todo (EG: 59).

Al bajar al grande arenal de *LAGOSTEYRAS* en la bahía de Finisterre (EG: 71).

Ensenadas desde La Coruña | Orzán. San Pedro de Bisma. LAGOSTEIRAS. Surrizo. Cayón. Val de Valdayo. Lema. Razo. Malpica. | Lugares desde *La Coruña | San Pedro de Bisma. LAGOSTEIRAS. Sorrizo. Cayón*, tres leguas. Leira. Ymenda. Noicella. Lema. Razo. Aviño, Malpica (V45: 73).

Rosario Álvarez

En los instrumentos antiguos se llama *mare locustarum* la espaciosa concha del mar de Finisterre, que va acabar a Curcubión, y al inmenso arenal correspondiente, y que atravesé todo, llaman aún hoy el arenal de *LAGOSTEIRAS* (CVFG: 228).

Junqueira. Arenal de *LANGOSTEIRAS*. Santa María de Finisterre, tres leguas de Morayme. Es tradición allí, que en la junqueira y arenal hubo antigüamente una gran ciudad llamada Duyo, y que se anegó. Para asentir será preciso creer que el cabo *Finisterre* y el cabo de la Nave fueron algún tiempo unidos y que abriendo el mar la corta garganta, que hay entre el arenal de la Nave y el de *LAGOSTEIRAS*, inundó la ciudad haciéndola junquera [...]. El arenal grande de Finisterre o *LAGOSTEIRAS* sólo dista un cuarto de legua del otro arenal, que está al poniente, y es el del cabo de la Nave y si se comunicasen, quedaría el cabo de Finisterre aislado con dos leguas de circuito por mar [...]. Volví de Finisterre al arenal de *LAGOSTEIRAS* (V45: 79-80).

*LAGOSTREYRAS** — *Locusta* (Arenal de) (OELG: II 115).

Só hai dous rexistros discordantes: *Langosteiras* (V45: 79) parece lapsus, porque na mesma pasaxe hai outros rexistros sen nasal; e *Lagostreyras*, influída pola variante dialectal do autor, é forma citada de memoria nunha relación no OELG, non o rexistro puntual dun topónimo concreto. Podemos afirmar, por tanto, que a nasal incipiente, observable nas variantes diacrónicas con *lan-* dentro do léxico común, naquela altura non alcanzara aínda os topónimos citados; unha situación distinta da actual, pois os distintos atlas e descripcións xeográficas presentan *Langosteira* en ambos os casos¹⁹.

4. Oiteiro

Nalgunhas variantes dialectais minoritarias produciuse o paso de *oi* > *ou*, un fenómeno do que tamén nos dá noticia Sarmiento:

Vasoura. En Tuy llaman así a la *vasoira* o escoba, y es regla que en Tuy acaban en *-oura* lo que en otras partes en *-oira* (CVFLG: 408).

Menos difundido aínda foi o paso de *ou* > *oi*, que en cambio tivo moito éxito en portugués (*dois*, *coisa*, etc.)²⁰. No estado actual da lingua só o coñecemos con certa abundancia en Porto (Zamora), se ben só en palabras concretas (*oitro*, *coi* ‘couce’, *dois*, *toiro*, *loixa...*), pois *-ou-* mantense noutros moitos casos (*estoupona*, *lourel*, *poulo*, *outono*, *dourada...*). Ademais, atopámolo illado na forma *oitro* nalgúns estilos no extremo SW do Barbanza (máis ou menos habitual, por esta orde, nos concellos de Ribeira e Porto do Son, e puntos da Pobra do Caramiñal) e en Fisterra (cf. ALGa: II 261), onde non a acompañan outros testemuños da mesma evolución (*dous*, *ouro...*).

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Outeiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

De novo frei Martín proporciona información adicional que apoia e arroupa esta forma illada. Dunha banda, dinos que o actual *Outeiro* da parroquia de Artes (Ribeira) era no seu tempo *Oiteiro* (V54: 51), a diferenza dos outros *Outeiro* próximos. Obsérvese que nos dous casos está implicada a mesma secuencia etimolóxica, ALT-. Os repertorios posteriores uniformizan en *Outeiro* eses topónimos, en consonancia co que semella o uso popular normal como nome de lugar, a pesar de que o substantivo común na mesma área oscila áinda hoxe entre *aiteiro* e *eiteiro* (cf. ALGa: III 46); o testemuño de Sarmiento axúdanos tamén a explicar estas formas e a vencellalas co fenómeno que nos ocupa.

A súa información non só nos permite ampliar a incidencia do cambio, senón tamén a área de influencia. Cando escribe «A la izquierda el Monte da ~~Leira~~ Ledura» (V54: 41), a súa dúbida, a forma riscada e a decisión a favor da que non chegou ata nós (Monte Lioira, en Asados-Rianxo), indícanos que un certo grao de confusión entre os dous ditongos debeu afectar en maior ou menor medida a toda a Barbanza.

Remate

O noso obxectivo era modesto. Esperamos que os comentarios suscitados por estes catro topónimos entre a milleira de datos onomásticos de frei Martín axuden a chamar a atención sobre o enorme valor do seu legado. As dificultades inherentes a toda reconstrucción da historia lingüística, por veces metodoloxicamente irresolubles, úñense no caso do galego o silencio case total na escrita durante os séculos en que se produciron as mudanzas que conformaron a lingua moderna, contemplada na complexidade de todas as súas variedades. Áinda que unha boa parte do fondo textual medieval non está áinda ao dispoñer dos investigadores, ou non o está nas condicións de rigor esixibles, o simple coñecemento da súa existencia permite augurar que nel poderemos sentar unha base sólida dabondo sobre a que chegar a un coñecemento aceptable da variación na lingua medieval; o mesmo se pode dicir para o galego dos últimos séculos, a través dos moitos materiais achegados por fontes escritas e orais. Entre uns e outros a escuridade non é total: o fachado de Martín Sarmiento alumea unha mirsada de pequenos tesouros polos recunchos da Galicia rural e mariñeira. Sabermos que as súas anotacións son fiables, dános como investigadores unha sensación de seguridade que unir á emoción que sentimos como herdeiros del.

Rosario Álvarez

BIBLIOGRAFÍA

- ALGa I* = García, C. & A. Santamarina (dir.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa II* = García, C. & A. Santamarina (dir.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza» / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa III* = García, C. & A. Santamarina (dir.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa V* = García, C. & A. Santamarina (dir.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. V: O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez, R. & X. L. Rodríguez Montederramo (2002): «O Diálogo de Alberte e Bieito. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI», *Boletín da Real Academia Galega* 363, 241-311.
- Bascuas, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- CDMO* = Romaní Martínez, M. (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago: Tórculo Edicións / Romaní Martínez, Miguel et alii (1993): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1310-1399*. Vol. 3. Santiago: Tórculo Edicións.
- CVFG* = Sarmiento, M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas* [ed. J. L. Pensado]. Salamanca: Universidad.
- CVFLG* = Sarmiento, M. (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* [ed. J. L. Pensado]. Salamanca: Universidad.
- CVGDV* = Sarmiento, M. (1986): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales* [ed. J. L. Pensado]. Salamanca: Universidad.
- DD* = Santamarina, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- EE* = Sarmiento, M. (1998): *Elementos etimológicos según el método de Euclides* [ed. J. L. Pensado]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- EG* = Sarmiento, M. (1996): *Escritos geográficos. I. Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método. II. Plano para formar una descripción geográfica de España* [ed. J. L. Pensado]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1994): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Deputación Provincial.

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

- GGRG = Carreras y Candi, F. (dir.) ([1936] 1980): *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín [ed. facsímile: Ediciones Gallegas, A Coruña, 1980].
- Lorenzo, R. (1975-77): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo».
- Lucas Álvarez, M. & P. P. Lucas Domínguez (1996): *El monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudios y documentos*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro.
- Lugo = Portela Silva, M^a X. (1998): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Machado, J. P. (1977): *Dicionário etimológico da língua portuguesa, com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Madoz, P. ([1845] 1986): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia*. Santiago de Compostela: Libros Galicia [ed. facsímile de Madrid: 1845].
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: INIC.
- Navaza, G. (1998): *Contribución ó estudio da toponimia da Galicia meridional (fitotoponimia)*. Tese de doutoramento. USC ([2006] *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega).
- Navaza, G. (2002): «Dialectoloxía e toponimia», en R. Álvarez, F. Dubert García & X. Sousa Fernández (ed.) (2002): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 137-146.
- Nomenclátor* = *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- OELG = Sarmiento, M. (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega* [ed. J. L. Pensado]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Ríos Panisse, M^a C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces. Anexo 7 de Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- TMILG = Varela Barreiro, F. X. (dir.): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*. Santiago: Instituto da Lingua Galega [<http://corpus.cirp.es/tmilg/>].
- V45 = Sarmiento, M. (1975): *Viaje a Galicia (1745)* [ed. J. L. Pensado]. Salamanca: Universidad.
- V54 = Sarmiento, M. (1999): *A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754* [ed. X. L. Pensado Tomé]. Salamanca: Lectorado Galego de Salamanca.
- VFD = Ferro Couselo, X. (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.

Rosario Álvarez

NOTAS

1. A terminación **-UNA** deu maioritariamente **-oa** (*lagoa*), cunha variante *lagia* que ocupa unha área oriental de extensión considerable, ao leste dunha liña que vai desde a ría do Eo á serra do Leboreiro (fonte: *Nomenclátor e ALGa*: III 131). Para **-ONA** e o feminino de **-ón** a situación é diferente, pois o territorio repártese entre **-ona** ao occidente, **-oa** no centro-oriente e **-úa** nun territorio oriental só parcialmente coincidente co anterior (*ALGa*: II 42, 44, 28). Cabe, como dicimos arriba, que nesas variedades orientais a solución **-úa** sexa tamén a forma descendente de **-OLA**, en distribución diatópica con **-o**, **-oa**, **-ó**: daquela, en orixe, *Pereirúa* tanto podería significar 'pereira grande' coma 'pereira pequena', pero o aumentativo parece certamente improbable para *Eirexúa*. No Mapa 1 incluimos todas as formas do *Nomenclátor* en **-ód(s)**, na inmensa maioría rexistros inequívocos do fenómeno comentado; con todo, entre outras excepcións posibles, sen documentación histórica non é posible determinar se *Fillods* (Fornelos de Filloás) é un pl. en **-ALES** (relacionado con *fiollo*) ou implica a terminación **-OLA(s)**.
2. Téñase en conta que con outros substantivos en **-oa** < **-OLA** concorre ademais unha terminación **-oga**, ben documentada en palabras do léxico común (cf. a área de *filloga* 'filloa' no espazo ourensán, *ALGa*: III 125), debida ou a un desenvolvemento consonántico velar a partir de **-oa** ou á presenza dun sufijo alternativo **-OCA** (< **-oga**, **-uga**; cf. a ampla difusión de *queiroga*, *teiroga* en *DD*: s.v.).
3. Sen pretendermos darlle carácter de proba, non deixaremos de consignar que na colección de Oseira o primeiro rexistro do topónimo ant. *Bouzod*, ao que nos referiremos más adiante, está grafado con **<ua>**, «in ecclesia sancti Verissimi de Bouzua», citado entre outras igrexas de Asma (1238, *CDMO*: I 410). O establecemento do corpus topónímico medieval, que se prepara no ILG, permitirá buscas sistemáticas que boten luz sobre estes e outros asuntos.
4. O desejo está feito con base nos topónimos do *Nomenclátor* que podemos atribuir a **-OLA** con marxe de seguridade aceptable. A área debuxada sería sensiblemente maior de termos en conta outros testemuños que por cautela consideramos de base masculina (**-OLO** > **-Ø**). É o caso de, p. ex., *Pereiró* en Dozón e *O Pereiró* en Palas de Rei (repárese no artigo, mais o xénero pudo evolucionar). Tamén suxire que se trata de **-OLO** o xénero do adjetivo no nome das illas *Airó Grande* e *Airó Pequeno* (Touro), corroborado por *Airó Chico* e *Airó Grande*, tamén nomes de illas, en Ribeira, onde os femininos *a filló* e *a mó* son formas habituais.
5. Son só indicios. O rexistro dunha solución formal nunha soa palabra léxica pode estar ligado á historia e difusión desta e non ser atribuíble ás da solución fonética ou morfolóxica implicada.
6. Lémbrese que este percorrido localizador non implica a asunción de que todos teñan a mesma orixe en **-OLA**. O estudio completo da distribución espacial dos topónimos con esta terminación require unha pesquisa etimolóxica e unha minu-

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunhas procesos de cambio lingüístico...

ciosa reconstrucción sobre documentación histórica que por agora non estamos en condicións de ofrecer, e tampouco forma parte do noso obxectivo presente.

7. Aceptemos como boa a lectura [ɔ̃], que cadra cos datos disponibles. Ora ben, frei Martín non é nin congruente nin sistemático na anotación do timbre vocálico, polo que a súa información non é segura nin enteiramente fiable. Nuns casos opta polos diacríticos que anuncia no inicio dos comentos ás coplas: «Ó con boca casi cerrada / Ó con boca muy abierta / È con boca casi cerrada / È con boca muy abierta» (CVFG: 160). Noutros, en cambio, usa <’> para marcar a vogal pechada («Tésto. Pronúnciase la e casi la boca cerrada», CVFLG: 261), que nese caso alterna co signo circunflexo co mesmo valor (Careixós, Ib.: 265; bechóco e bechóco, Ib.: 265, 267), reservando <’> para a vogal aberta (De côte, Caritel, Vardlo, Ib.: 263-264). Así pois, só ofrecen unha relativa marxe de seguridade <^> para a vogal pechada e <’> para a aberta, pero non faltan exemplos en que nos sorprende con anotacións con til grave que non concordan nin cos resultados actuais nin con coñecementos asentados da evolución diacrónica (v. gr., *Lagda*, *Lagartóns*, *Devésa* e *Azebdo*, V54: 28, 34, 47, 127; cf., máis adiante, *Riazón* e *Riazón*).
8. Lémbrese o testemuño «in ecclesia sancti Verissimi de Bouzua» (1238, CDMO: I 410), mencionado máis arriba, Navaza (1998:67) concorda en que debe ser o mesmo topónimo de Taboada, hoxe baixo a advocación de San Xoán. En todo caso, aos efectos que nos interesan, na contorna dos topónimos implicados nestes documentos só temos noticia no presente do Bouzoa de Taboada e, un pouco máis afastado, da forma tamén grave recollida por A. Palacio en Pantón (1981:199, *apud* Navaza).
9. Na documentación non é claro se se trata dun só lugar ou de dous en respectivas freguesías vecinas: os datos de 1428 e 1384 son inequivocamente de Santiago de Esposende (Ribadavia), pero o rexistro vacilante *Ayroaa* - *Ayroa* (1396) está rodeado de topónimos da veciña Santa Mariña de Esposende (Cenlle). De nos atermos a este monólito de datos, neste lugar a evolución segue esta liña substitutiva da forma orixinaria: *Airoá* > *Airba* > *Eirba*.
10. Os rexistros ourensáns de grafías que remiten á forma oxítona son abundantes. Vallan estas como mostras: «caualeiro de *Figueyroaa* (...) Domingo Pérez de *Figueyroaa*» (1261 Montederramo, VDF: 2021), «Lourenço Garça, caualeyro de *Figueyroaa*, (...) eu frey Lourenço Garça de *Figueyroaa* frade do moesteyro de Monte do Ramo. (...) Eu o sobredito frey Lourenço Garça, caualeyro de *Figueyroaa* e frade do moesteyro de Monte do Ramo (...) a fillos de Fernám Uelaz e de Marfa Fernández de *Figueyroaa* (...) a meu fillo Pero Lourenço, caualeiro de *Figueyroaa*» (1314 Montederramo, VFD: 71-72), «casamento entre o dito Afonso Fernandes e Ysabel Fernandes de *Figueiroaa*» (1459 Ourense, VFD: 139).
11. En consonancia con *amalloa* (= *amalló*, masc.), variante rexistrada na parte centrooccidental da provincia da Coruña e puntos poncevedreses limítrofe (ALGA, cuestións 2343, 2341 e 2696). Pódese sostener provisoriamente que se trata dunha

Rosario Álvarez

base feminina en -OLA e non da reinterpretación de -ó [ɔ] como -oa, porque non hai indicios de que nesta área noroccidental se dese previamente o cambio -o(l)a > -ó, que permitiría establecer esa analogía; con todo, non se pode esquecer que en certo modo as áreas de *mō* : *moa* son complementarias na Galicia occidental (ALGA: II 27), e se cadría tivo algún efecto a equivalencia. No marco da evolución fonética característica de occidente esperaríase unha vogal pechada por influxo metafónico nos descendentes de -OLU nunha área compacta, más ou menos extensa, pero os datos de distintas palabras involucradas non a apoian coa contundencia debida; dese xeito cobra forza a hipótese de que, cando menos nalgúns destas palabras, hai que datar primeiro a crase -oo ['ɔɔ] > -ó [ɔ]. A rareza de -ó [ɔ], fronte a -ó [o] no mesmo dominio, puido inducir unha reinterpretación como -oa; a partir da vogal pechada resultado da metafonía temperá (-ó [o] < -oo ['oo]) non cabe -oa, pero si -ón (cf. *tirizón*).

12. Madoz diferencia entre *Riazó* (de Chouzán, coa mesma forma có de Dozón) e *Riazón* (de Chantada).
13. Na toponimia e hidronimia existen outras formas da mesma familia, formando parte da mesma área e en certo modo rodeánda, algunas das cales avalan o étimo de frei Martín: *Redegos* en Vilamarín, en Pol e no Irixo, río *Riddigos* (Lalín, subafluente do Deza), *Riatelo* en Lousame, *Riasco* en Outeiro de Rei, *Reascós* no Páramo. Non é o noso obxectivo a discusión do radical etimolóxico, para o que remitimos a Bascuas 2002:152-156.
14. De acordo cos principios grafemáticos expostos máis arriba con moita cautela (vid. nota 7), o til grave debería indicar que a vogal é aberta, tanto en *Riazó* coma en *Riazón* (e noutrós topónimos en -ón, coma *Tourón*, *Meixón*, *Dorrón* ou *Caspirón*, fronte a *Herbón*, *Salto del Ladrón* ou *Porrón*, todos tomados de V54). Non é tanta a nosa confianza na marcación de timbre de frei Martín, polo que deixamos este asunto en suspenso. Abonde con dicirmos que -OLU evolucionou cara a /'ɔl/ (ALGA: V 121 [*tirizo*], cuest. 1997 [*freixó tipo de fillo*]), cuest. 1490 [*ichó*]), se ben non é descoñecida unha solución pechada /'o/ salserida no territorio, na nosa opinión más polas vías analóxicas mencionadas que como efecto da cofieida acción metafónica /'ɔ...o/ > /'o...o/, que debería afectar sobre todo e de forma compacta o occidente; en cambio, fóra de variedades dialectais moi localizadas, o final en /'ɔŋ/ é descoñecido na morfoloxía nominal.
15. En textos portugueses, *Riazuu* (1170) e *Riazo* (1258), en Baião (Machado: s.v.).
16. O certo é que en Dozón hai *Pereiro* e en Vilalba *Murazó*, pero non rexistramos topónimos en -ó nin en Santiso (*Barazón*), nin en Chantada (*Fixón*, *Cardavón*, *Sitión* / *Sabadón*, *Argozón*, *Gordón*, *Bermún*), nin en Carballedo (*Milleiro*s e *Veascón*).
17. O fenómeno ten distribución dialectal: na toponimia pode comprobarse que a solución *Fins* (xunto con *Aróns*, *Olóns...*) é occidental e comparte territorio coa variante occidental, más extensa, en -ás, fronte á variante centroriental en -iz.

Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algunos procesos de cambio lingüístico...

Vallan as denominacións de San Fiz de Cangas (Pantón) tomadas da colección diplomática do mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón (Fernández de Viana 1994) como mostra de que nas proximidades do noso *Riazón-Riazón* se deu no solpor da idade media tanto a crase de <ii> coma o desenvolvimento dun son nasal: *Fiz* (1290, 1329, 1487), *Fis* (1418, 1432, 1453), *Fiis* (1412, 1453), *Fitz* (1418), *Fins* (1425), *Fiz* (1482); e de novo a información complementaria de Sarmiento, que testemuña para o mesmo San *Fins* de Cangas (V45: 165). E un pouco máis ao sur, tamén en terras do actual *Fiz*, a través dos documentos de San Clodio do Ribeiro (Lucas & Lucas 1996) vemos como as denominacións de San Fiz de Navío (San Amaro), parten de *Fiz* (1271, 1317) e *Fiis* (1317, 1398, 1421, 1423, 1456, 1457), para se facer predominante a nasal nas derradeiras décadas da escrita medieval: *Fiis* (1489, 1491), *Fins* (1477, 1487, 1490, 1491, 1492, 1499), *Fins* (1494).

18. Obsérvese que o teorema está exemplificado con «Cast. *langosta de locusta*», non coa variante galega.
19. A situación descrita por Sarmiento debíase manter no séc. XIX, pois Rodríguez (1863), Cuveiro (1876) e Valladares (1876) definen *lagosteira* como «Sítio abundante en langostas» aludindo ao de Fisterra (DD: s.v.), quizais seguindo todos tres a Sarmiento, e en todo caso non contradicíndoo ou emendándoo ningún. Para o noso interese, é indiferente que *lagosteira* proveña de LOCUSTA, como sosteñen Sarmiento e a etimoloxía popular, ou de LACUSTARIA.
20. Non falamos de casos en que está implicado o grupo -CT- (cf. *oytubro*, Lorenzo: s.v.).